

O Concello urxe á Xunta a instalación de banda ancha en todo o municipio

## Mónica Castelo consegue o seu segundo Campionato Europeo de rugby

Páxina 16



Concello de Oleiros

Saen á venda novas parcelas de propiedade municipal

Páxinas 12 e 13

# Vivir en Oleiros

O movemento veciñal tomou a Casa do Concello no 1978 e fixo caer ao último alcalde franquista



## Cúmprense 40 anos de democracia no Concello de Oleiros

■ A pasividade do último alcalde franquista ante a destrucción do municipio levou ao movemento veciñal a ocupar a Casa consistorial durante dous días. A partir deses feitos, nos que participou o actual alcalde Ángel García Seoane -o primeiro pola dereita na fotografía-, o Concello pasou a estar presidido polo primeiro tenente de alcalde. Esas asociacións tamén formaron unha candidatura que conseguiría ganar as primeiras eleccións democráticas, o 3 de abril de 1979. Desde entón foi determinante o papel da veciñanza para identificar o perigo que supoñían os especuladores que pretendían destruír o municipio, que nunca deron dobregado o Goberno dos veciños. Grazas a ese extraordinario esforzo colectivo, 40 anos despois o pobo de Oleiros goza dos maiores niveis de benestar, servizos públicos, infraestruturas e equipamentos de todo o Estado.

## O patrimonio público increméntase a conta da urbanización de Xaz

O desenvolvemento da urbanización de Xaz supón importantes beneficios para o Concello e a cidadanía: ingreso de 2,4 millóns, 3 solares e 12 parcelas valorados en 3,7 millóns, dous novos depósitos de auga para garantir o abastecemento de Dorneda e Oleiros, novas zonas verdes e dous grandes parques públicos, unha parcela para o futuro campo de fútbol, 94 vivendas de protección, nova vía de conexión coa vía Ártabra desde Franzomel, ampliación da depuradora de Xubín e creación da Escola de Golf Municipal, entre outras cousas.

Páxina 7

Número 63  
Abril 2019  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

En marcha as obras de urbanización no centro de Oleiros

Páxina 6

Duras sancións a madeireiros por talas ilegais

Páxina 10

Romaría das Merendiñas, sábado 1 de xuño

Páxina 15

Como saber onde está todo en Oleiros

AXENDA  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## Hai Alternativa!

Atopámonos en pleno proceso de presentación da nosa candidatura e do noso programa electoral por todo o municipio. Queremos informarvos dos principais proxectos que pretendemos levar a cabo durante a vindeira lexislatura. Aínda celebraremos varias ceas frías antes das eleccións, nas que vos animamos a participar: Dexo (venres 26 de abril, na Casa do Pobo), Mera (venres 3 de maio, parque da Lagoa), Dorneda (venres 10 de maio, polideportiva de Rialta), Santa Cruz (xoves 16 de maio, polideportiva de Meixonfrío) e peche de campaña en Perillo (venres 24 de maio, polideportiva da II República).

Presentámonos a estas eleccións con novos retos e ilusións. O principal problema que ten a día de hoxe o noso municipio son as vías de ac-

ceso á cidade. Os distintos Gobernos de Madrid abandonaron por completo a esta comarca. Por iso queremos estender a Alternativa dos Veciños a todos os municipios, para conseguir crear unha Área Metropolitana forte, libre de intereses partidistas e loca-listas, con capacidade para abordar directamente a mellora da rede viaaria, para lograr un transporte público digno, para abaratar e incrementar a calidade dos servizos públicos -auga, lixo, saneamento...-.

A lo largo de todos estes anos conseguimos construir un municipio cunha grande calidade de vida. A nosa firmeza gobernando, que contou co respaldo dun pobo responsable, permitiu frear aos falcatrúas e aos especuladores que pretendían ocupar o Concello para encher os seus petos e destruir o territorio. Grazas a

esa maneira de actuar, que sempre antepón o interese xeral, hoxe gozamos dun municipio singular e distinto cun patrimonio público inmenso.

Somos conscientes de que cometemos errores. Pero tamén é verdade de que o noso traballo é honesto e honrado. Temos experiencia, coñecemos a administración e o municipio, escutamos con humildade, sabemos o oficio e nunca baixamos a garda.

Seguiremos traballando polas persoas que máis o necesitan e polos maiores, continuaremos mellorando a seguridade viaria con máis beirarrúas, as entidades sociais e deportivas seguirán contando co noso apoio e colaboración, haberá máis zonas verdes e parques públicos, o municipio seguirá medrando

de maneira ordeada para posibilitar o asentamento de novas empresas que crearán máis emprego,... E por suposto, non deixaremos de demandar ás administracións que cumpran cos súas obrigas en Oleiros: sanidade, transporte público, acceso a internet por banda ancha, ensino, estradas...

As estatísticas din que Oleiros é o municipio máis rico de Galicia e o 18 de España. Tal vez non se equivoquen, porque a riqueza real dun pobo non se mide polo seu poder adquisitivo. Todos os veciños, independentemente dos seus recursos económicos, gozan dos mesmos niveis de benestar e calidade de vida. Esa é a nosa maior riqueza e o noso orgullo máis grande. Sen vós nunca tería sido posible.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## Sr. alcalde, deixe de publicar o “Vivir en Oleiros”

Debido ao elevado e disparatado custo de cada número desta publicación “Vivir en Oleiros”, 11.696,92 euros o Grupo Municipal do Partido Popular decidiu non

volver publicar artigos neste espazo e, a partir de agora, repetirá esta mensaxe ata que se suprima a publicación. Solicitamos que a información que contén a publicación “Vivir

en Oleiros” se colgue na páxina web do Concello.

Os 11.696,92 euros, que foron o custo de impresión e reparto do número 60 desta publicación,

cantidad que hai que multiplicar por 4 ao ser os números que se reparten anualmente. Quen queira comprobar esta información tómola a súa disposición nas nosas oficinas.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

Na recta final desta lexislatura, os socialistas de Oleiros queremos, unha vez máis, agradecerlle aos veciños/as de Oleiros o ternos permitido que os representássemos durante estes catro anos, nunha lexislatura fortemente marcada por unha

maioría absoluta que supuxo unha importante merma dos niveis democráticos e de participación das diferentes sensibilidades políticas que existen no noso Concello. As constantes trabas e obstáculos coas que nos atopamos para desenvol-

ver a nosa labor de control non lograron, porén, impedir que co noso esforzo e traballo loitemos por un Oleiros mellor.

Durante esta lexislatura tivemos acertos e, sen dúbida, errores, actuando sempre en pos dos

intereses xerais dos oleirenses, poñendo o mellor de nós mesmos, e sempre, iso si, coa maior honradez e honestidade. Seguirémonos esforzando por un Oleiros mellor para todos vós. Unha vez máis, grazas.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Como xa anunciara, o BNG de Oleiros vén de facer nas últimas semanas unha serie de encontros veciñais abertos en todas as parroquias do concello (faltan áridas e Liáns) con dous obxectivos: dunha parte, explicar o traballo feito durante os últimos anos; por outra parte, para escutar e tomar nota de problemas ou necesidades de cada zona e recoller propostas que logo poder incorporar ao futuro progra-

ma electoral para as eleccións municipais. Unha segunda fase deste traballo serán os encontros que mantendremos durante as próximas semanas con todos os colectivos e asociacións do concello. Queremos poder escutar e saber que pensa o Oleiros que máis se move. Queremos intercambiar opinións, iniciativas e puntos de vista coas veciñas e veciños que manteñen vivo ao longo de todo o ano o rico

tecido social do noso pobo. Unha primeira conclusión que podemos tirar despois de percorrer o concello nas últimas semanas é que o grao de simpatía cara ao BNG e cara ao seu traballo local, nacional ou internacional vai a máis. Porén, este proceso de toma de contacto directo coa veciñanza tamén está a ser bo para facernos caer na conta dos errores que podemos cometer ou dalgúns aspec-

tos onde debemos mellorar ou seguir incidindo. Para que poidamos ser, en definitiva, unha ferramenta máis útil á veciñanza do noso pobo: tanto mellor funcione, máis capacidade de traballo e máis apoios teremos. E cantos máis apoios, máis capacidade para traballar, para achegar ideas e para incidir no modelo de concello que queremos construír para os próximos anos e décadas.

# EDITORIAL

# • Tempo de eleccións

◆ En menos de dous meses estamos chamados a votar en tres procesos electorais. O 28 de abril nas Eleccións Xerais e o 26 de maio, nas Municipais e Europeas.

Moita xente asocia este proceso extraordinario con algo cansado e repetitivo. As altas doses de ingobernabilidade nestas últimas lexislaturas a nivel estatal, o aroma a mercadeo de postos e *sillóns* nos partidos políticos e as grandes cantidades de corrupción crean unha receita perigosa de desafección política e abstencionismo. Isto, sumado a que vivimos nunha especie de continua campaña electoral con discursos de baixo nível e sen propostas, provoca reaccións de desencanto no electorado e **a sensación de que o noso voto é inútil**. E aquí está o gran problema.

Grazas á loita durante séculos das xentes oprimidas que nunca tiveron voz, hoxe os cidadáns e cidadás de a pé temos mecanismos para decidir o curso das nosas vidas: onde van os nosos impostos, que dereitos queremos protexer e facer universais, cal é o rumbo da nosa sociedade e, sobre todo, quen dirixe esa sociedade.

No mundo actual existen problemas que auguran un futuro gris: o avance do cambio climático, que está a provocar a desaparición de ecosistemas enteiros; a perda de dereitos fundamentais ou o crecemento desorbitado da desigualdade enchen de incerteza os anos por vir. Máis cando estamos vendo como agroman líderes que están a negar estes problemas. Líderes que ademais

están chegando a posiciones de poder en democracias que semellaban consolidadas e implementando políticas que agravan estes problemas e nos retrotraen ás épocas máis escuras do século pasado. Isto lévanos a unha conclusión lóxica: **o noso voto, conta. E moito.**

Cada vez que somos convocados para depositar un voto, estamos facendo algo más que poñer un papel nunha urna. Estamos evitando que alguén decida por nós. Porque ou ti decides quen che goberna ou alguén —probablemente con grandes e dubidosos intereses— faiño por ti. Se non decidimos que queremos mellorar a Sanidade pública, a Educación, os Servizos Sociais, as pensións ou o mercado laboral, outros impoñerán a súa axenda en función deses intereses clientelares e afastados das demandas cidadás. Por iso é importante acudir ás citas electorais e **deixar impreso na historia que e a quien eliximos.**

Porque se nos anos que seguen non somos quen de frear o cambio climático, de asegurar a Sanidade e a Educación, de mellorar as condicións de traballo para a xuventude, os nosos fillos e netos —que sufrirán as consecuencias das nosas decisións— mirarán ao pasado lamentándose polos nosos erros. **Estamos a tempo de ter un presente mellor. A tempo de ter futuro. E momento para a acción.** Nestes dous meses están en xogo moitas das cousas que sucederán nos vindeiros anos en Europa, en España e en cada municipio.

Na nosa man está decidir elixir como afrontar ese futuro.

## Orgullosos de vivir en OLEIROS

# A maquinaria municipal non se detén

■ O Concello de Oleiros está a abordar diversas obras en diferentes lugares do municipio. Como sempre acontece, estas actuacións causan algunas molestias, pero son inevitables para poder levar adiante as melloras que precisa o concello.

## Rosalía de Castro e rúa o Pombal ▼



◆ Están a acometerse as obras de reurbanización e asfaltado dunha parte da avenida Rosalía de Castro, desde a rotonda de Lucín ata a ponte da Pasaxe. Tamén está a renovarse a rede de abastecemento de auga na rúa do Pombal.

O tráfico atópase restrinxido nesta zona de Perillo, aínda que tanto residentes como clientes dos establecementos comerciais poden acceder aos seus destinos. Os condutores que utilizaban de maneira incívica estas rúas para non circular pola N-VI, xa non poden seguir empregando esta ruta.

## Parque litoral Bastiagueiro Pequeno ▼



◆ Está previsto que as obras de creación do novo parque costeiro de Bastiagueiro, de 65.490 metros, rematen no mes de xullo. Vai respectarse a orografía da superficie, crearanse sendas, un aparcamento e plantaranse 150 novas árbores.

## Estrada da Besta ▼



◆ A estrada que conecta o centro de Mera coa vía Ártabra pasará a contar cunha calzada de 7 metros de ancho. Tamén se construirán beirarrúas por toda a estrada, que terán entre 2 e 5 metros, dependendo da zona.

## Rúa Xuncal ▼



◆ Continúa avanzándose na renovación das beirarrúas e do pavimento. As luminarias tamén van ser cambiadas por unas novas de tecnoloxía led.

## Rúas o Valiño ▼



◆ Durante as vindeiras semanas procederase ao acondicionamento dos tramos das rúas da Urbanización O Valiño que se atopan en peor estado. Algunhas rúas asfaltaránse por completo e outras serán pavimentadas só nas zonas deterioradas.

## Campo municipal Leonardo Maceira ▼



◆ A grada do campo de fútbol municipal Leonardo Maceira, nos Regos, xa conta cunha cuberta. Ademais foi pavimentado o aparcamento que se atopa nas inmediacións deste recinto deportivo.

## Polideportiva o Seixal ▼



◆ Finalizaron os traballos de renovación do pavimento da pista polideportiva do Lameiro, en Nós. Tamén foi substituído o peche metálico por unha tela.

## Casa do pobo de Dorneda ▼



◆ Atópase en construcción unha cuberta sobre a pista polideportiva da Casa do pobo de Dorneda. Realizaranse outras melloras menores arredor deste centro social.

## Fonte de Abaixo ▼



◆ Remataron as obras de mellora da Fonte de Abaixo, nas proximidades da praia de Espiñeiro. Eliminouse o lavadoiro e creouse unha praza para persoas con mobilidade reducida e outra para servizos de emergencias.

## Rúa a Seara ▼



◆ Atópanse en execución as obras de asfaltado na rúa A Sera, en Nós. O proxecto tamén inclúe a canalización da rede de pluviais.

## Rotondas do Graxal ▼



◆ As dúas rotondas de acceso á urbanización O Graxal están sendo decoradas con diversos motivos. Con esta actuación preténdese embelezar a imaxe destes espazos públicos.

# O bus urbano da Coruña chegará ata Santa Cristina a partir do 15 de xuño

■ A liña de bus urbano 1-A da Coruña vai estender o seu percorrido ata Santa Cristina desde o 15 de xuño ata o 15 de setembro durante os próximos catro anos, coa posibilidade de ampliar o servizo outros catro máis. Tras case un ano de espera, o Concello recibiu recentemente a documentación definitiva por parte da Xunta de Galicia, que dilatou os trámites administrativos sen ningún tipo de xustificación.



◆ O pasado 20 de abril de 2018 o Concello de Oleiros propuxo a creación dun servizo de transporte público ás praias de Oleiros durante o verán desde os municipios da Coruña, Cambre e Culleredo para mellorar a mobilidade nas estradas. Aínda que en Cambre e Culleredo a empresa que ten a concesión se negou a realizar o servizo, no caso da Coruña si que existiu acordo entre todas as partes. Incomprendiblemente, a Xunta de Galicia puxo numerosas trabas burocráticas para que o servizo non chegase a funcionar no verán de 2018.

Haberá autobuses de luns a domingo entre as 6:30 horas e as 23:00 horas. As frecuencias oscilarán entre os 15 e os 20 minutos. Para tomar este bus en Oleiros haberá que collelo na parada do Hábitat, entre a rotonda de entrada a Santa Cristina e a ponte da Pasaxe.

## O Monumento Natural contará cun aparcadoiro público en Canabal ▶

◆ O Concello de Oleiros vai proceder á expropiación do solo necesario para crear un aparcadoiro público para 85 vehículos nun dos accesos ao Monumento Natural da Costa de Dexo e Serantes. O aparcamento vai estar situado entre as rúas Codes e Cisco, en Mera. O Concello intentou chegar a un acordo co propietario do solo para a adquisición do terreo, que o Plan só permite usar para estacionamiento de vehículos. Ante a negativa do particular a vender, o Concello viuse obrigado a expropriar.



### Comezan as obras de urbanización no centro de Oleiros ▼

◆ Acaban de iniciarse as obras de urbanización do centro de Oleiros, nas proximidades da Casa do Concello. Esta actuación permitirá ampliar a praza da Rabadeira así como o parque Rigoberta Menchú. Tamén vai abrirse unha nova vía que conectará a rúa Obelisco coa praza de Galicia. Está previsto que se constrúan 18 vivendas de protección.

### A primeira fase do campo de fútbol de Mera sairá a contratación en 2019

◆ O Concello de Oleiros está a redactar o proxecto para a construcción dun campo de fútbol na zona norte do municipio, entre Dexo e Serantes. Dada a magnitud da obra e o seu elevado custo, está previsto que se desenvolva en varias fases. Na primeira tratarase a creación do terreo de xogo, que contará con céspede artificial, para que poida ser usado o antes posible. Posteriormente acometerase a construcción de vestuarios, grada, iluminación e accesos.

### Consolídase o centro de Mera cunha nova urbanización ▼



◆ Atópanse en marcha os traballos de urbanización no centro de Mera, entre as rúas Lamalonga e Pinar do Río. Crearase un paseo fluvial e novas zonas verdes de uso público para todos os veciños e veciñas. Tamén se construirán dúas novas rúas. Ademais das vivendas libres, haberá 19 que se venderán aos prezos protexidos estipulados pola Xunta de Galicia.

# Urbanización de Xaz: que ganan os veciños? ▼

■ *O desenvolvemento da urbanización de Xaz supón importantes beneficios para o benestar, o progreso e a economía de Oleiros. A xestión urbanística do Goberno municipal, que garante un crecemento ordenado, sostible e respectuoso co medio ambiente, e que permite impulsar a economía local e a creación de emprego a curto, medio e longo prazo, reporta cuantiosos beneficios ao Concello: ingresos económicos, amplas zonas verdes, equipamentos públicos, novas estradas, melloras nas redes de auga e saneamento, vivendas de protección, incremento do patrimonio público...*

◆ O Concello ingresou **1,4 millóns de euros pola venda do solo** que lle correspondía no campo de golf. Tamén recibiu máis dun millón pola execución do convenio urbanístico. Ademais, no momento no que se inicie a construcción de vivendas o Concello recibirá importantes **ingresos procedentes das licenzas urbanísticas**.

A Xunta de compensación tivo que entregar ao Concello, ao amparo da Lei do solo, **3 solares de 8.638 metros** para a construcción de edificios de baixo e dúas plantas e **12 parcelas de más de 600 metros** para a construcción de vivendas unifamiliares. O valor total de todo este solo é de 3,7 millóns de euros. O Concello poñerá á venda solo para 70 vivendas protexidas e libres.

A urbanizadora tamén ten a obriga de construír **dous novos depósitos de auga** no alto de Arillo cunha capacidade que suma 3.014 metros cúbicos. Así mesmo deberá **ampliar a depuradora de fecais de Xubín** nun terreo anexo de 13.135 metros cadrados. As augas depuradas aproveitaranse para regar o campo de golf.


O 23% de todo o ámbito de actuación da urbanización de Xaz serán **zonas verdes e parques públicos**. As más importantes son o **Bosque de Xaz**, con 160.138 metros, e o **Castro de Xaz**, con 41.000 metros. Ademais, para futuros equipamentos deportivos, entregóuselle ao Concello unha parcela de 17.000 metros xunto ao Pazo de Xaz.

A construtora ten a obriga de construír **94 vivendas de protección**. As cesións ao patrimonio municipal contemplan tamén a entrega de 106.459 metros cadrados totalmente urbanizados como novas rúas públicas. Destaca a **vía principal, de 1,8 km, que permitirá conectar Santa Cruz coa vía Ártabra** e que vai desde Franzomel ata Os Tornos.

O Concello, a través dun convenio, obrigará á empresa que xestionará o campo de golf a reservar un horario diario para a futura **Escola de Golf municipal**. Está previsto desprazar desde todos os colexios públicos aos rapaces e rapazas para que poidan iniciarse e practicar este deporte.



■ CAMPO GOLF



■ BOSQUE XAZ



■ DEPÓSITOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA



■ VIAL DE CONEXIÓN COA VÍA ÁRTABRA

# Oleiros conta con 920 vivendas protexidas



## VIVENDAS DE PROTECCIÓN CONSTRUÍDAS DESDE 1990

- RIALTA, Dorneda: **460**
- CARBALLIDO, Perillo: **26**
- ICARIA, Montrove: **22**
- MESÓN DA AUGA, Nós: **185**
- CAVAMONTES, Perillo: **32**
- A COVA, Oleiros: **24**
- O SEIXAL, Nós: **33**
- MEIXONFRÍO, Santa cruz: **86**
- A CRUZ, Oleiros: **18**
- CANIDE, Mera: **18**
- AS GALERAS, Bastiagueiro: **16**



◆ O mercado é cada vez máis libre. Os Gobernos do Estado e da Xunta están nun proceso de liberalización económica continuado que elimina progresivamente contros, fórmulas de supervisión, taxas e empresas públicas. A vivenda e os seus prezos, que tamén lle competen en exclusiva á administración central e á autonómica, gozan dunha falta de regulación que posibilita unha especulación moi forte, responsable da grave crise económica de 2008 e que condena a vivir unha situación de extrema precariedade a milieiros de cidadáns e cidadás, que en moitos casos non poden emanciparse.

Os concellos non contan con competencias neste ámbito. Iso non impidiu que no caso de Oleiros, dada a vontade política existente, se desenvolvese un proxecto urbanístico no que, ademais de garantir un crecemento ordenado, sostenible, respectuoso co medio ambiente e coa costa, impuxese a construcción de vivenda a prezos protexidos como condición aos novos desenvolvimentos urbanísticos.

Esas políticas posibilitan que Oleiros sexa o municipio de Galicia no que se crearon máis vivendas de protección no período democrático. Ademais existe unha singularidade importante: as vivendas protexidas deste municipio atópanse nos mellores lugares das urbanizaciones, non desmerecendo nada das de promoción privada.

## VIVENDAS DE PROTECCIÓN PREVISTAS NOS PRÓXIMOS ANOS

- CORREDOIRA DAS VIÑAS, Perillo: **19**
- A RABADEIRA, Oleiros: **18**
- CIVIDANES, Mera: **19**
- XAZ, Dorneda: **94**
- VILANOVA, Nós: **25**
- A FERRALA, Santa Cruz: **4**
- FINCA AS CADENAS, Montrove: **66**
- O PARAÍSO, Perillo: **18**



# O pleno acorda cederlle a Fomento o solo necesario para a obra de Sol y Mar

◆ Por terceira vez, o Concello de Oleiros notificou oficialmente ao Ministerio de Fomento a cesión do solo necesario para a construcción dun túnel e unha rotunda en superficie no cruce de Sol y Mar –conseguido previamente polo Goberno municipal tras chegar a un acordo cos propietarios para a súa cesión gratuita-. No caso de que o Ministerio non execute esta obra nos vindeiros meses, o Concello demandará que se restitúa ao seu estado anterior esta intersección, que foi modificada inicialmente polas obras do colector que se construíu na avenida Ernesto Che Guevara e que se mantivo ante a previsión de que Fomento actuase en 2018. Malia contar coa partida orzamentaria necesaria para iniciar a obra o pasado ano, ningún dos dous gobernos centrais que ostentaron o poder chegaron a contratar a obra.



## Madeireiros, sen licenza municipal, arrasan o Monumento Natural da Costa de Dexo e estragan os camiños públicos ▼



◆ Diversas zonas do bosque do municipio, entre elas o Monumento Natural da Costa de Dexo e Serantes, foron arrasadas nas últimas semanas por madeireiros que actuaron sen a autorización municipal precisa para realizar talas de árbores. Ante a gravidade dos feitos, o Concello de Oleiros abriu os correspondentes expedientes sancionadores por talas ilegais e danos de camiños públicos. Unha das empresas foi sorprendida pola Policía Local in fraganti, sen ITV nin seguro nos seus vehículos e sen contratos laborais dos seus traballadores.

O Plan xeral do Concello estipula como poden facerse os aproveitamentos madeirísticos dos montes e determina os espazos que se atopan protexidos. Para realizar unha tala en Oleiros, ademais dos pertinentes permisos, é obligatorio presentar uns avais para cubrir posibles danos provocados no patrimonio público e para garantir a repoboación con especies autóctonas.

## Portos de Galicia segue sen actuar ante o afundimento do solo do peirao de Mera ▼



◆ Por novena vez nos últimos 8 anos, o Concello de Oleiros dirixiu por escrito a Portos de Galicia para alertar do perigoso estado de abandono do peirao de Mera. A última denuncia municipal foi no mes de febreiro ante o importante afundimento que se produciu no solo desta instalación de titularidade autonómica.

Ademais, o porto de Mera conta con graves fendas, buratos de grandes dimensións, postes en ruínas e distintas zonas ocaas que supoñen un perigo moi grande para a estabilidade desta infraestrutura. Igualmente, a acumulación de area xunto á rampla provoca situacions extremadamente perigosas para as persoas que embarcan e desembarcan coas súas embarcacións neste peirao.

En Santa Cruz, Portos de Galicia tampoco está a actuar sobre a varanda danada no mes de xaneiro. O Concello reparou os danos no paseo, pero Portos de Galicia non asume as competencias na súa zona, co grave risco de caída ao mar para calquera persoa que se achegue.

## A banda ancha chegará antes de novembro a diversas zonas do municipio

◆ Ante as demandas realizadas polo Concello, as empresas de telecomunicacións que recibieron unha subvención da Xunta e do Estado para o despregamento da rede de banda larga en diferentes zonas do municipio teñen de prazo ata o novembro para realizar as instalacións. As zonas que se verán beneficiadas serán Lorbé, Aguiéira, Augarrión, Breixo, O Couto, Lourido Pequeno, Sisaldo, Abeleiras de Abaixo, Campo da Vila, Fontes, A Xesta, Maianca, Agra da Pedra, A Gándara, Punxeiro, Xoez, Aba, Dexo, Babilonia, A Lagoa, O Valiño e A Veiga.

O Concello tamén presentou unha solicitude para que se cubran outras zonas do municipio que non se contemplan nesta subvención. Os veciños tamén deberían poñerse en contacto coas compañías que prestan este servizo para demandalo. As empresas, que procuran maximizar beneficios, priorizan a colocación da rede nos lugares nos que existe maior interese.

# Mozambique recibe a axuda de Oleiros

♦ O Concello de Oleiros, a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, está a participar nun programa de cooperación con Mozambique, onde un devastador ciclón deixou o pasado mes de marzo 468 mortes, 1.500 feridos e sobre 1,8 millóns de persoas afectadas. Nunha das zonas más castigadas, onde xa estaba a desenvolverse un programa para construír sistemas de abastecemento de auga, está previsto redobrar esforzos. Debido ao ciclón, a maioria da auga atópase contaminada o que está propiciando a extensión do cólera, a diarrea e a malaria entre a poboación.



## O activista indíxenista guatemalteco Damián Vail Alonzo visita Oleiros ▼


♦ Damián Vail Alonzo, que leva loitando máis de 20 anos polos dereitos das persoas indíxenas no municipio de Cajolá, viaxou ao Concello de Oleiros para recibir asesoramento por parte do alcalde Ángel García Soeane porque vai presentarse ás eleccións municipais que se van realizar en Guatemala o vindeiro 16 de xuño. Vail Alonzo vai concorrer aos comicios co partido Winaq, o movemento político creado por Rigoberta Menchú. O principal obxectivo que persegue para o seu concello é conseguir escolas e fomentar a educación entre a xuventude, para rematar coas prácticas corruptas que tanto dano fan á sociedade.

## As empresas que contraten alumnos do Obradoiro de Emprego da Finca Tenreiro recibirán subvencións



♦ O obradoiro de acondicionamento da Finca Tenreiro, que finalizará o vindeiro 27 de xullo, está a formar persoas que se atopaban en situación de desemprego nos oficios de carpintería e albanería. Aquelas empresas que contraten algunas destas persoas van recibir unha subvención de 1.500 euros. Con esta axuda preténdese facilitar o primeiro contrato de traballo do alumnado e incentivar que as empresas opten por persoal cualificado.

## O Centro Municipal de Formación axudou a que 325 persoas atopasen traballo e a que se creasen 38 novas empresas ▼



♦ O servizo de apoio e asesoramento para o emprego que se presta desde o Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo axudou a que 325 persoas atopasen emprego durante o ano 2018. En total foron atendidas 2.636 persoas nas dependencias dos Regos ao longo de todo o ano pasado.

Pola súa parte, o servizo de asesoramento a emprendedores deu información a 122 proxectos empresariais. Da man do Concello de Oleiros naceron 38 novas empresas que crearon 47 novos postos de traballo.



## O polígono de Iñás despega con novas empresas

◆ O plan urbanístico de Oleiros, a mellora da situación económica e a imminente conexión da vía Ártabra coa AP-9, está a posibilitar que o polígono de Iñás se atope nun momento de crecemento considerable. Ademais dos 6 establecementos de diferentes sectores que abriron as súas portas nos últimos meses, un gran supermercado galego e unha importante cadea de bricolaxe van instalarse proximamente nesta zona.

## Comeza a funcionar o centro coworking de Arenaza ▼



◆ A Deputación vai abrir o prazo de solicitude para contar cun espazo no Pazo de Arenaza, unha propiedade municipal cedida á Deputación para albergar un centro de traballo compartido. Poderán optar a utilizar esta instalación persoas emprendedoras e novas empresas, tanto para desenvolver a súa actividade diaria como para ocasións puntuais. O centro atopase totalmente equipado para o desenvolvemento de actividades profesionais e tamén vai ofrecer servizos de asesoramento e apoio ás persoas que se instalen no centro. Para obter máis información hai que dirixirse ao teléfono 981 080 509 ou ao correo electrónico arenaza@pel.gal.

## O restaurante da Fábrica abrirá novamente en xuño



◆ Debido ao impago do canon mensual que os adxudicatarios estaban obrigados a aboar ao Concello, procedeuse á rescisión do contrato da empresa que estaba a xestionar o restaurante do centro cultural A Fábrica. Agora mesmo está a acometerse unha reforma da instalación para mellorar áinda máis as posibilidades dun local que se atopa nun lugar privilexiado para o desenvolvemento da actividade hostaleira. O concurso para a nova adxudicación resolverase nos vindeiros días, polo que este establecemento de propiedade municipal estará novamente aberto ao público no mes de xuño.

## A residencia de maiores de Bastiagueiro abrirá en 2020 ►

◆ A compañía Thor Private Equity Spain vai abrir unha residencia para persoas maiores en Bastiagueiro, na avenida Ernesto Che Guevara, fronte ao centro comercial. O centro terá capacidade para atender a 140 persoas. Está prevista a creación de 65 postos de traballo directos. O Concello xa outorgou a licenza para a construción deste centro.



# O Concello saca á venda novas parcelas para a construcción de vivendas libres e protexidas

**Nos vindeiros días sairán á venda 37 parcelas de propiedade municipal adquiridas gratuitamente polo Concello a través da xestión do solo das novas urbanizacións que se foron creando por todo o municipio. Os solares atópanse en Oleiros, Iñás, Perillo, Mera (Canide, Punxeiro e Cividanes), e Dorneda (Xaz). ▼**

As parcelas están dotadas de todos os servizos e dependendo da súa cualificación permiten a construcción de vivendas unifamiliares -illadas ou pareadas-, plurifamiliares -libres e protexidas ao prezo tasado pola Xunta de Galicia- e naves para usos industriais. A licitación será por medio de poxa pública. O prazo de presentación de ofertas abrirá proximamente.

## PARCELAS PARA CONSTRUIR VIVENDAS UNIFAMILIARES

LOCALIDADE	PARCELA	VIVENDAS	M <sup>2</sup>	EUROS
■ OLEIROS (A PEZOCÀ)	II DO PP-6	5 VIVENDAS	537,5	279.643
■ IÑÁS (ARENAZA)	Z-1.2	1 ILLADA	538	93.611
■ PERILLO (O CARBALLIDO)	1071 SUP1-R, PROINDIVISO 64,125%	1 ILLADA	315	85.503,64
■ MERA (PUNXEIRO)	18	1 ILLADA	488,32	80.194,50
■ MERA (CANIDE)	RUP 4-2.2	1 PAREADA	280,70	73.597,67
■ MERA (CANIDE)	RUP 4-2.3	1 PAREADA	308,40	80.862,22
■ MERA (CANIDE)	RUP 4-2.4	1 PAREADA	318	83.483,65
■ MERA (CANIDE)	RÚAS 5-7, PROINDIVISO 30,56%	1 ILLADA	533	32.241,52
■ MERA (CIVIDANES)	RF-03	1 PAREADA	214	36.345,52
■ MERA (CIVIDANES)	RF-04	1 PAREADA	214	36.578,51
■ MERA (CIVIDANES)	RF-21	1 ILLADA	404	69.196,29
■ MERA (CIVIDANES)	RF-23	1 PAREADA	205	33.083,74
■ MERA (CIVIDANES)	RF-22	1 PAREADA	241	35.879,56
■ MERA (CIVIDANES)	RF-34	1 ILLADA	344	66.866,43
■ MERA (CIVIDANES)	RF-38	1 ILLADA	305	71.992,09
■ DORNEDA (XAZ)	RP-2.1	2 PAREADAS	788,32	150.491,99
■ DORNEDA (XAZ)	RP-7.1	2 PAREADAS	608,19	150.491,99
■ DORNEDA (XAZ)	RP-7.2	2 PAREADAS	600	150.491,99
■ DORNEDA (XAZ)	RP-7.3	2 PAREADAS	615,44	150.491,99
■ DORNEDA (XAZ)	RP-7.4	2 PAREADAS	615,56	150.491,99
■ DORNEDA (XAZ)	RP-7.5	2 PAREADAS	600	150.491,99
■ DORNEDA (XAZ)	RP-7.6	2 PAREADAS	637,55	150.491,99
■ DORNEDA (XAZ)	RP-8.1	2 PAREADAS	626,83	150.491,99
■ DORNEDA (XAZ)	RP-8.3	2 PAREADAS	603,15	150.491,99
■ DORNEDA (XAZ)	RP-8.4	2 PAREADAS	603,18	150.491,99
■ DORNEDA (XAZ)	RP-9.1	2 PAREADAS	603,15	150.491,99
■ DORNEDA (XAZ)	RP-9.2	2 PAREADAS	603,15	150.491,99



## PARCELAS PARA CONSTRUIR VIVENDAS PLURIFAMILIARES LIBRES

LOCALIDADE	PARCELA	VIVENDAS	M <sup>2</sup>	EUROS
■ MERA (CIVIDANES)	M-7B	15	745,77	734.365,86
■ OLEIROS (A RABADEIRA)	R-4	12	809,52	452.478,01
■ DORNEDA (XAZ)	RB-1.2.1	28	4.471,36	1.293.230,40
■ DORNEDA (XAZ)	RB-1.2.4, PROINDIVISO 44,87%	9	2.933,02	414.480,34

## PARCELAS PARA CONSTRUIR VIVENDAS PLURIFAMILIARES PROTEXIDAS

LOCALIDADE	PARCELA	VIVENDAS	M <sup>2</sup>	EUROS
■ PERILLO (CORREDOIRA DAS VIÑAS)	PARCELA RC5010	10	1642,03	607.683
■ MERA (CIVIDANES)	PARCELA M-6B	19	915	550.628,49
■ DORNEDA (XAZ)	PARCELA RB-2.1.1, PROINDIVISO 42,76%	10	2.933,02	263.589,67
■ OLEIROS (A RABADEIRA)	R-2	6	370,72	208.469,19

## PARCELAS PROINDIVISOS PARA USO INDUSTRIAL

LOCALIDADE	PARCELA	M <sup>2</sup>	EUROS
■ IÑÁS	1.1 SUNP I-33, PROINDIVISO 225/3067	3.067	37.107
■ IÑÁS	14.2 SUNP I-33R, PROINDIVISO 7,02%	1.439	16.656,92

*As parcelas atópanse situadas nos melhores lugares do municipio.*




*Cos ingresos procedentes destas vendas, o Concello financia as obras públicas.*

# Esther Pita, sempre entre nós



■ O pasado 24 de febreiro faleceu Esther Pita Pita, alcaldesa de Oleiros entre os anos 1996 e 2003 e concelleira municipal desde o ano 1979 ata 2003. Foi un exemplo de loita continua polo benestar da comunidade durante toda a súa vida, tanto desde a política como desde o movemento veciñal.



◆ Esther sempre foi unha muller especialmente preocupada polas persoas maiores e desde a Concellería de Servizos Sociais desenvolveu un traballo moi importante, que aínda perdura e que é unha referencia máis alá de Oleiros. Ocupou a Alcaldía entre os anos 1996 e 2003, cando Ángel García Seoane foi inhabilitado polas pedras da praia de Santa Cristina.

Esther Pita Pita tamén liderou o movemento veciñal en Santa Cruz, creando a asociación de veciños. O seu compromiso co seu pobo sempre foi total e contribuíu dunha maneira extraordinaria ao progreso do municipio en todos os ámbitos.

O seu exemplo, de dedicación de toda unha vida a traballar polos demais, foi merecedor de outorgarlle o seu nome á praza situada no centro de Santa Cruz, que foi inaugurada nun acto multitudinario no ano 2013, no que o pobo de Oleiros amosou o inmenso cariño que sentía por esta muller.

# A Romaría das Merendiñas celébrase o sábado 1 de xuño



◆ Todas as persoas maiores de 60 anos están convidadas a participar na Romaría das Merendiñas que se celebrará o 1 de xuño, a partir das 13:00 horas, nos xardíns das Torres de Santa Cruz. Haberá tres autobuses que percorrerán todas as localidades desde as 12:30 horas da mañá. Para poder acceder á festa é imprescindible presentar a invitación que se entregará en todos os domicilios.

O menú, coma sempre, estará composto por empanada, roxóns, chourizo ao estilo Santaia, larpeira e queixo con marmelo. Antes da comida,

a Banda da Escola Municipal de Música amenizará a xornada. Pola tarde, tras o xantar, tampouco faltarán a música para o baile.

Un elemento fundamental desta festa é a implicación e participación de numerosas persoas que colaboran desinteresadamente na organización e desenvolvimento desta romaría, unha axuda imprescindible para que as Merendiñas poidan realizarse.

## Un programa municipal axuda na educación ás familias

◆ As novas tecnoloxías, os continuos e rápidos cambios na contorna, as redes sociais... son circunstancias que fan que cada vez máis familias amosen interese por aprender ferramentas e adquirir novos recursos para educar os seus fillos e fillas. Con este obxectivo xorde Familias Inquedas, unha programación de charlas e obradoiros dirixidos a familias e que tratarán a crianza nas distintas etapas do crecemento.

A próxima cita será o xoves 9 de maio, ás 20:00 horas, na Fábrica. Unha charla aberta afondará sobre as redes sociais e a adolescencia.



A Porta Violeta é un completo programa de actividades dirixidas ás mulleres nas que se pretenden potenciar o autoconocemento, a fortaleza emocional, a creatividade, a comunicación e a actividade física.

## O Voluntariado de Oleiros sensibiliza o alumnado do Juana de Vega sobre cuestións medioambientais ▼

◆ Un equipo do Voluntariado de Oleiros está a desenvolver distintas actividades no CEIP Juana de Vega de Nós para divulgar os beneficios da Economía Circular, resaltando a importancia de tomar conciencia sobre a necesidade de preservar os recursos naturais do noso planeta. Trátase dun proxecto proactivo e participativo no que o alumnado ten o protagonismo.



## Nace a entidade Ocio Inclusivo Oleiros ▼

◆ Un grupo numeroso de familias da comarca da Coruña fundaron unha nova entidade sen ánimo de lucro para organizar actividades inclusivas que enchan o tempo de lecer fóra do horario escolar dos mozos e mozas con diversidade funcional. Está previsto que unha grande parte das actividades se realicen no Concello de Oleiros. Todas aquelas persoas interesadas en obter máis información poden dirixirse ao enderezo electrónico [ocio.inclusivo.oleiros@gmail.com](mailto:ocio.inclusivo.oleiros@gmail.com).

## Mónica Castelo gana a Liga co CRAT e o Europeo coa selección ▼



◆ A xogadora internacional de rugby Mónica Castelo conseguiu engadir dous novos títulos ao seu palmarés. Por segunda ocasión, proclamouse campioa da Liga española de Rugby co CRAT da Coruña. Sete días despois tamén conquistou o seu segundo Campionato de Europa coa selección española.

## Juan Fernández logra o Campionato de España de Surf ▼



◆ No seu debut no Campionato de España de olas xigantes, Juan Fernández proclamouse campión con tan só 20 anos, converténdose así no ganador máis novo da historia desta competición. A proba celebrouse na mítica onda de La Vaca, en Cantabria, nunhas condicións moi duras.

## Carlos Souto conquista o Campionato de España de natación



◆ O nadador de Iñás Carlos Souto Vilas proclamouse campión de España de natación infantil na modalidade de 400 estilos cun tempo de 4:36.36, conseguindo bater tamén o récord galego. Ademais conseguiu dúas medallas de bronce, unha en 200 braza e outra en 200 estilos.



## Antonio Sandino acada a medalla de bronce no Campionato de España de judo

◆ O judoka oleirense Antonio Sandino atópase nun estado de forma inmellorable e conseguiu, entre outros triunfos recentes, a medalla de bronce no Campionato de España. As súas actuacións colócano actualmente na segunda posición da clasificación cadete de España.

## Máis de 500 nadadoras participan no VII Trofeo Concello de Oleiros de natación sincronizada ▼



◆ A piscina do INEF, en Bastiagueiro, acolle o sábado 27 de abril o VII Trofeo Concello de Oleiros de Natación Sincronizada. A competición desenvolverase en xornada de mañá e tarde e está prevista a participación de 525 nadadoras de diferentes clubs de toda Galicia. O Club Acuatic Oleiros exercerá como anfitrión dunha proba coa que o Concello de Oleiros pretende promocionar e fomentar esta especialidade deportiva.



## A Universidade da Coruña premia o adestrador oleirense Charly Suárez

◆ Juan Carlos Suárez recibiu o Premio UDC Deportes polo seu traballo e profesionalidade como adestrador do Club Deportivo Aldebarán San Sadurniño, único equipo galego na máxima categoría do voleibol español. Na súa primeira tempada á fronte do equipo, o técnico oleirense conseguiu o ascenso á Superliga cun club dunha localidade de 3.000 habitantes.

## Anxo Blanco consegue o Campionato galego de triplo salto ▼



◆ O atleta oleirense Anxo Blanco sumou un novo triunfo ao seu palmarés cunha medalla de ouro no Campionato Galego de Atletismo en pista cuberta, na modalidade de triplo salto. Malia atoparse en fase de recuperación e ter que compaxinar o traballo co atletismo de máximo nivel, conseguiu unha marca de 14,75 metros, o que lle deu o título na categoría absoluta.

## O Acuátic Oleiros volve ser o mellor club galego de base da tempada ▼



◆ Os numerosos triunfos acadados polas nadadoras do Club Acuátic Oleiros posibilitaron que a entidade se convertese, por terceiro ano consecutivo, no mellor club galego de base da tempada 2018-2019. No Campionato Galego de Natación Artística, o Acuático conseguiu un ouro na categoría xuvenil e unha prata en infantís.

## O XXX Tríatlon Concello de Oleiros celébrase o sábado 11 de maio ►

◆ Un total de 200 deportistas, de categoría cadete, xuvenil, absoluta sub-23 e veterana, participarán nunha nova edición do Tríatlon Concello de Oleiros. Como nos anos anteriores terá lugar na localidade de Mera e dará comezo ás 16:00 horas.

A distancia a percorrer para todas as categorías será de 750 m de natación, 21 km de bicicleta e 5,5 km de carreira a pé. Nesta proba participan tanto deportistas federados como persoas que practican este deporte e fan licenza dun día.



## Melloras no rocódromo de Bastiagueiro e na piscina de Perillo



◆ A altura do rocódromo municipal do pavillón de Bastiagueiro ampliouse ata os 9,5 metros. Este equipamento utilízase para as actividades de escalada deportiva que se realizan tanto co alumnado dos centros de ensino público, como cos veciños e veciñas que participan nos cursos que organiza o Concello ao longo de todo o ano.



◆ Ademais das obras de reforma e ampliación realizadas nesta instalación municipal, máis recentemente procedeuuse á renovación de boa parte do material da piscina de Perillo. Os aparellos das salas de musculación, cardio e bike son praticamente todos novos. Tamén foi restaurado o material de traballo cardiovascular, as elípticas e as bicicletas reclinadas.

## O 29 de abril abre o prazo de preinscrición nas actividades de verán

◆ Como todos os anos, durante os meses de verán ofértase unha amplísima variedade de actividades dirixidas a nenos, nenas e mocidade. Os modelos de preinscrición, así como o folleto con toda a información sobre a programación prevista xa está disponible na web municipal. É importante lembrar que para poder participar, todas as persoas interesadas deberán formalizar a súa preinscrición entre o 29 de abril e o 5 de maio.


A preinscrición pode realizarse tanto a través da web municipal, na sede electrónica do Concello de Oleiros, como na conserxería da Fábrica, en horario de 8:00 a 15:00 horas. No caso daquelas actividades nas que queden prazas vacantes, o 30 de maio abrirase novamente a matriculación.



## Excursións culturais para gozar da natureza galega

◆ Para dar a coñecer, protexer e revalorizar a natureza e a nosa contorna como patrimonio cultural o Concello organiza, a través do programa **Andares por Galicia: a cultura da natureza**, diversas saídas e rutas culturais por Galicia. Todas aquellas persoas interesadas en apuntarse poderán informarse e inscribirse persoalmente no Departamento de Cultura (A Fábrica), no teléfono 981 610 000 (extensións 4915 e 4916), ou no endereço electrónico: cultura@oleiros.org.

**Saídas e rutas culturais pola nosa comunidade autónoma co fin de dar a coñecer, protexer e revalorizar a natureza e a nosa contorna como patrimonio cultural.**



RUTA DA AUGA DE GUITIRIZ: 27 DE ABRIL

A viaxe transcorrerá entre San Alberte e Pardiñas pasando polo río Parga, o Balneario de Pardiñas ou o Pazo do Marqués de Camarasa. A distancia a percorrer é de 19,6 km e está cualificada como de dificultade baixa.



RUTA ARQUEOLÓXICA DE BORNEIRO E DOMBATE: 25 DE MAIO

A excursión inclúe o paso polo Dolmen de Dombate, o Castro da Cidá de Borneiro ou a Capela do Briño, entre outros lugares. A distancia a percorrer é de 18 km e está cualificada como de dificultade media.



RUTA DO OLIMPO CELTA, DO PINDO A CARNOTA: 15 DE XUÑO

Visitaranse lugares como a fervenza do Ézaro, a Cova de Xoana ou os muíños de Vadebois. A distancia a percorrer é de 18,5 km e está cualificada como de dificultade media-alta.

## As escolas municipais artísticas ofrecen 1.175 prazas para o vindeiro curso

◆ **As escolas municipais de danza, música e teatro teñen aberto o prazo de matriculación para novos alumnos e alumnas ata o 2 de maio.** Para o vindeiro curso escolar 2019-2020 ofértanse un total de 455 prazas para a Escola de Danza, 460 para a Escola de Música e 260 para a Escola de Teatro. Para realizar os correspondentes trámites, as persoas interesadas deberán dirixirse ás secretarías das escolas de 17:00 a 20:00 horas. Para máis información poderán chamar ao teléfono 981 639 688 do Centro Municipal de Artes Escénicas, e ao teléfono 981 639 143 da Escola Municipal de Música.

### Ivan Couceiro recibe o premio á mellor tese de enxeñería ►



◆ O veciño de Oleiros Iván Couceiro, recibiu o Premio da Asociación Nacional de Constructores Independientes pola súa Tese de Doutoramento "Structural optimization of steel jackets for offshore wind turbines considering dynamic response and fatigue constraints", pola que obtivo a cualificación de sobresaínte cum laude. Couceiro é actualmente profesor de cálculo da Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña.

### Entréganse os premios do concurso Descubrindo Oleiros

◆ O pasado 24 de febreiro, coincidindo co Día de Rosalía, realizouse o acto de entrega do V Premio Literario Descubrindo Oleiros, organizado polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello. **Roque Amado Ares** con *Sancho de aventura por Oleiros*, **Inés Santiago García** con *A amiga pintada*, **Pablo Rodríguez Gagino** con *En poucos pasos...*, **Samuel Ríos Mosquera** con *Dexo un pobo máxico*, **Miguel Rodríguez Rico** con *De quen é isto?* e **Celtia Río Santos** con *Singulares* foron os gañadores deste concurso.



## LETRAS GALEGAS 2019

# Oleiros homenaxeá a Antón Fraguas ➤

◆ O Servizo de Normalización Lingüística organiza unha ampla programación de actividades para dar a coñecer a figura de Antón Fraguas, o escritor homenaxeado polo Día das Letras Galegas deste ano. Ademais das numerosas actividades que se organizarán nas bibliotecas municipais e nas que participarán os escolares dos centros de ensino público, os estudiantes tamén asistirán a un concerto de Paco Nogueiras e á obra de teatro *Rubicundo*.

Ademais, nas Torres de Santa Cruz organizaranse outras dúas actividades dirixidas a un público infantil. O 21 de maio, ás 18:00 horas, *Contos ilustrados das Letras galegas*, que mestura narración e obradoiro de ilustración. O 25 de maio, a partir das 12:30 horas, celebrarase a **Festa da Lingua**, cunha obra de teatro, xogos e un obradoiro musical.



## Máis de 250 estudiantes participarán nunha nova edición do Roteiro cultural e literario ➤

◆ A primeira semana de xuño uns 265 alumnos e alumnas dos centros de ensino público do municipio participarán no Roteiro Cultural e Literario, unha actividade que organiza conjuntamente o Concello cos institutos. Os estudiantes coñecerán este ano as figuras do pintor Felipe Criado, do escritor e pintor Luis Seoane e da empresaria Rosalía Mera.



## Cultura desde o berce con Apego▼



◆ O Concello de Oleiros segue a ofrecer unha importante oferta cultural infantil, coa que ademais se fomenta a lingua entre os nenos e nenas de 0 a 6 anos. Para asistir aos espectáculos do programa Apego, que impulsa o Servizo de Normalización Lingüística, hai que reservar a praza escribindo a [lingua@oleiros.org](mailto:lingua@oleiros.org) ou chamando ao 981 610 000.

### ● Moraima

Obradoiro musical e espectáculo de Percubebé

**27 de abril, ás 18:00 horas na Casa da República (Oleiros)**

Percubebé presenta esta nova montaxe, un obradoiro musical para o público bebé e as súas familias. Logo do éxito acadado coa súa primeira proposta Percubebé, chegan agora con esta segunda entrega para deleite das familias. Ademais de presentarnos a *Moraima* a través dun conto poderemos ir interpretando as melodías que Marcelo e Bea nos aprendan.

**Idades:** de 0 a 6 anos

**Duración:** 60 minutos. [Inscripciones a partir do 22 de abril](#)

### ● As viaxes de Paio e Aurelio

Concerto de Oviravai

**4 de maio, ás 18:30 horas na Fábrica (Perillo)**

*As viaxes de Paio e Aurelio* é o novo espectáculo de Oviravai, un grupo de música infantil no que a través das vivencias de Paio e Aurelio tratarase a primeira viaxe dun teixugo molón e un oso polar que visitarán o Polo Norte. No espectáculo trátase a diversidade, as linguas, as culturas, a amizade, a boa alimentación...

**Idades:** de 0 a 10 anos

**Duración:** 60 minutos. [Inscripciones a partir do 29 de abril](#)

### ● Nube nube sol

Teatro Ó Cubo

**12 de maio, ás 12:00 horas na Casa da República (Oleiros)**

Teatro Ó Cubo achega á primeira infancia a maxia dos ciclos da natureza e a importancia da choiva para que todo medre. *Nube nube sol* métenos de cheo na diversión e na aprendizaxe de todo o que a choiva e o sol provocan na nosa contorna a través do corpo, o xesto, o canto e a música.

[Inscripciones a partir do 6 de maio](#)

# Continúan as actividades infantís en todas as bibliotecas municipais

♦ Durante os vindeiros meses as sete bibliotecas municipais de Oleiros continuarán ofrecendo diferentes sesións de contos e obradoiros dirixidas a nenos e nenas de entre 1 e 12 anos. Para participar é imprescindible reservar praza previamente. As solicitudes poden realizarse presencialmente en cada unha das bibliotecas ou mediante unha chamada telefónica ao número 981 610 000.



## • BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

### ABRIL

- **Día 25** (18:30 horas): *O xornal de Lonxedetodo* con Trinke Trinke, para nenos e nenas maiores de 4 anos.



### MAIO

- **Día 2** (18:30 horas): *A durmir!!!* con Ramiro Neira, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.
- **Día 9** (17:30 horas): *Obradoiro de cómic* con Manel Cráneo, para nenos e nenas maiores de 6 anos.
- **Día 23** (17:30 horas): *Planeta animal* coa Asociación Participa para la Inclusión Social, para nenos e nenas de 8 a 12 anos.



## • BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ


### ABRIL

- **Día 24** (18:30 horas): *Que vén o lobo!!!* con Charo Pita, para nenos e nenas maiores de 4 anos.



### MAIO

- **Día 8** (17:30 horas): *Salvemos as nosas fragas! Coa ninfa e os megatoxos* con Anxo Fariña, para nenos e nenas maiores de 6 anos.



## • BIBLIOTECA M<sup>a</sup> JOSÉ TRINCADO. MERA

### ABRIL

- **Día 26** (18:30 horas): *Contos e contos e más contos* con Ramiro Neira, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.



# Rialeda acolle charlas de divulgación científica

♦ A Biblioteca Central Rialeda, dentro do programa *Ler para saber*, está a albergar charlas sobre temas científicos dirixidas a nenos e nenos maiores de 10 anos, adolescentes e público en xeral. Aínda que xa se desenvolveron varias, está prevista a realización das dúas últimas as próximas semanas. O 26 de abril Francisco Franco del Amo traerá a Rialeda *Mar de plásticos*. A última das xornadas será o 10 de maio, *Aves da Ría do Burgo*, co fotógrafo Antonio Patiño.

## • BIBLIOTECA M<sup>a</sup> JOSÉ RUSO. DORNEDA

### ABRIL

- **Día 29** (18:30 horas): *Quen dixo medo?* con Charo Pita, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.



## • BIBLIOTECA ÁNXEL FOLE. NÓS

### ABRIL

- **Día 26** (18:30 horas): *Levántate Xan!* con Caxoto, para nenos e nenas de 1 a 3 anos.



## • BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

### ABRIL

- **Día 23** (18:30 horas): *O corazón envolto en papel* con Paula Carballeira, para nenos e nenas maiores de 3 anos.



### MAIO

- **Día 14** (18:30 horas): *O cataventos e outras historias de Vilaxeada* con Charo Pita, para nenos e nenas maiores de 3 anos.

## • BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

### ABRIL

- **Día 25** (18:30 horas): *Fórmulas mágicas para atopar tesouros* con Soledad Felloza, para nenos e nenas maiores de 3 anos.



# Obradoiros de ilustración e banda deseñada para todos os escolares ▼



♦ No mes de maio rematarán as sesións dos obradoiros de ilustración e banda deseñada que se están a organizar nas bibliotecas públicas municipais e polos que está pasando o alumnado dos centros públicos de primaria e secundaria. Aprender técnicas de ilustración, fomentar a creatividade e a imaxinación ou promover a lectura son algúns dos obxectivos principais destes cursos.

# As prazas énchense de arte co III Festival de Artes Escénicas na Rúa

◆ Diversos espazos públicos de Santa Cruz, Mera e Santa Cristina servirán de escenario para artistas e compañías das más variadas procedencias e disciplinas para representar espectáculos de todo tipo. A segunda fin de semana de xullo, a terceira edición de Rúa Ext-cénica transformará as rúas de Oleiros en escenarios propicios para provocar a interacción social co público no marco dun ambiente festivo.

## PROGRAMACIÓN:

### ▶ VENRES 12 DE XULLO

- **Trapecio Volante.** Praza Esther Pita, ás 19:30 horas. Kanbahiota realiza o primeiro pase do seu espectáculo de acrobacias aéreas.
- **As parábolas de Pakolas.** Praza do Castelo, ás 20:15 horas. Concierto e narración de contos infantís a cargo de Pakolas.
- **Trapecio Volante.** Praza Esther Pita, ás 21:30 horas. Kanbahiota realiza o segundo pase do seu espectáculo de acrobacias aéreas.

### ▶ SÁBADO 13 DE XULLO

- **Ricki, el profesor de tenis.** Praza Esther Pita, ás 20:00 horas. A Compañía La Mano Jueves presenta o seu espectáculo de circo e clown sobre un afamado deportista de elite.
- **Concierto de Vudú.** Praza do Castelo, ás 21:00 horas. Este dúo feminino mestura a música tradicional galega con blues, soul e funk.

### ▶ DOMINGO 14 DE XULLO

- **Rojo estándar.** Praza da Lagoa, ás 12:30 horas. La Nördika reliza un espectáculo de circo e danza.
- **Danza contemporánea.** Parque José Martí, ás 21:00 horas. Ánxela Blanco representará **Voo, Entremans Instante gradual** e La Macana pechará a xornada con **Ven**.



## Espectáculos de danza coa Escola Municipal de Danza e Xacarandaina ▼



◆ Para conmemorar o Día Internacional da Danza están previstas dúas actividades. O propio 28 de abril, na pista cuberta da II República en Perillo, terá lugar actuación conjunta da Escola Municipal de Danza con varios grupos de baile e gaitas de Oleiros, para mesturar diferentes estilos como danza urbana, clásica, contemporánea e foliada tradicional. As actuacións comezarán ás 12:00 horas e finalizarán cunha Jam Session.


O sábado 11 de maio, en colaboración coa Deputación provincial, o Auditorio Gabriel García Márquez acollerá, ás 20.30 horas, a actuación do Grupo de Música e Baile Tradicional Xacarandaina, que dirixe Quique Peón. A entrada será de balde con invitación, que poderá retirarse unha hora antes do inicio do espectáculo.

## Mabel Flores actúa o 25 de maio na Fábrica ▼



◆ O Festival Elas Son Artistas trae a Oleiros a música da cantautora catalá Mabel Flores. Esta artista ofrece un directo cómplice e íntimo, un baño de vitalidade, feminismo, sinceridade e tenrura. Flores presentará cancións sensibles con sons orgánicos a ritmo de reggae, ska e world-music.

O concerto comezarán ás 20:30 horas. A entrada é gratuita.



## A VI Foliada Tradicional reunirá as agrupacións folclóricas do municipio nas Torres de Santa Cruz

◆ O domingo día 2 de xuño o Concello de Oleiros organiza unha nova edición da Foliada Tradicional, unha xornada lúdica e de encontro na que participarán as diferentes agrupacións folclóricas de Oleiros. A festa comezarán ás 13:00 horas, nas Torres de Santa Cruz, e haberá diferentes actividades dirixidas a toda a familia.

# TRIBUNA ABERTA

■ Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se deseñe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao endereço electrónico [comunicación@oleiros.org](mailto:comunicación@oleiros.org)

## A saúde, o primeiro

Existe un problema evidente coa alimentación neste país. Tan só con dar unha volta pola rúa pode comprobarse que a obesidade afecta a unha parte importante da poboación, tendo unha incidencia moi importante sobre menores de idade. E non estamos falando dunha cuestión estética, senón que se trata dun problema serio para a saúde pública.

O tipo de alimentación e os hábitos de vida que se nos impoñen neste mundo que nos toca vivir provocan esta preocupante situación. Por un lado, existen unhas industrias alimenticias multinacionais que están a intoxicarnos con produtos elaborados en laboratorios e outros que baixo aspecto de naturais son moi prexudiciais para a nosa saúde. Despois, o abuso das tecnoloxías está a conducir a unha comodidade extrema a milleiros de persoas que acaban por vivir de maneira totalmente sedentaria.

Os Estados deberían poñer remedio a esta situación. Igual que o tabaco ou o alcohol teñen uns impostos elevados, aqueles produtos alimenticios que conteñen un alto contido en graxas ou que favorecen a obesidade deberían estar gravados con taxas especiais, ou de querer aplicar unhas políticas responsables neste ámbito mesmo podería prohibirse. Os Gobernos non poden seguir mirando cara outro lado ante este asunto. O futuro da sociedade está en xogo. A saúde é o primeiro, ou debería serlo.

*Diana Sánchez Esmorís - Perillo*

## Si a unha morte digna

Din que ata para morrer hai que ter sorte, e non lles falta razón. Hai persoas que teñen a fortuna de, dun día para outro, quedar dormidas e non espertar xamais. Outros en cambio sofren durante meses ou anos longas enfermidades que os castigan, que os amargan e que

causan tamén unha tremenda dor entre todas as persoas que os queren e os acompañan durante ese duro percorrido.

As leis deben amparar ás persoas para que, con total liberdade, podan decidir sobre o seu corpo e a súa vida cando padecen unha enfermidade terminal ou dixeratativa. O Estado ten que estar ao servizo dos cidadáns e amparalos legalmente. Non pode permitirse que sigan habendo persoas que son detidas por axudarlle a unha persoa a morrer con eutanasia ou un método similar.

Quero felicitar ao Concello por convocar unha charla sobre este tema coa asociación que leva loitando durante moitos anos para que se recoñeza o dereito de todas as persoas a morrer dignamente. Tivo que entrar en xogo o morbo e o espectáculo televisivo para que na campaña ás eleccións xerais se falase sobre este asunto. Hai vida, e morte, más ala das ansias de independencia do pobo catalán.

*Antonio Reino Suárez - Perillo*

## Vía Ártabra si

É lamentable escoitar e ler algunas opinións sobre a construcción da vía Ártabra. Carentes de accesos viarios como estamos en toda a comarca, como se pode pretender paralizar unha obra como esta? Como uns representantes públicos como o alcalde e os concelleiros de Cambre, que deberían velar polo interese xeral da comunidade, poden intentar paralizar unha obra que beneficia ao seu municipio? Ou é que cando a vía Ártabra conecte o seu municipio desde A Gándara ata A Rocha van ir polos carreiros? Ou é que cando veñan ás nosas praias van vir a cabalo?

As estradas non van polo aire, agás os viaductos e as pontes. Sempre que se abre unha nova vía hai terreos afectados, casas, fincas, fauna, flora... Pero o interese xeral dos

cidadáns, o desenvolvemento, a vida que levamos, a necesidade de crear riqueza e traballo, obríganos a asumir posibles perdas materiais e medioambientais. Sorprende que os mesmos que van dar un pelo-tazo urbanístico histórico no Seixal cargándose unha zona rústica, se preocupen tanto por unha zona que teñen completamente abandonada e descoidada.

Loxicamente, ningún está a favor das peaxes. Pero para que existan peaxes primeiro ten que haber estradas. Deixemos que fagan a obra e despois si, despois xa meteremos toda a carne na grella para demandar a eliminación da peaxe, se é que existe, que aínda está por ver. Primeiro a obra, que hai 40 millóns de euros en xogo e non poden marchar para outras latitudes.

*José Andrés Martínez - Lorbé*

## Xarabe de pao

Encántame o noso municipio, pasear polos parques e paseos marabillosos que temos. Realmente é unha marabilla poder gozar dos entornos e facer algo de exercicio físico. No meu caso fágoo coa miña cadela, respectando as normas, levándoa da correia, recollendo os seus excrementos,...

Por desgraza vexo que non todos somos iguais. Moitas outras persoas que teñen can non usan a correia e deixan que defequen en calquera lugar, sen importarlle o máis mínimo. Este incivismo tan grande duns poucos, sufrímolo todos. Farán o mesmo nas súas casas?

Por desgraza, a única solución que existe son as multas. Algunhas enfermidades só curan con xarabe de pao. Ningún ten dereito a degradar os nosos entornos e espazos públicos. Os nosos impostos non poden estar destinados a andar recollendo as deposicións dos cans. Non se pode tolerar.

*Pedro García - Santa Cruz*

## Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá  
a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

## Concello de Oleiros

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	881 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

## Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M. Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

## Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

## Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Russo / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201

## Querida lúa

### O ciclo da lúa

Cheia	19 abril / 19 maio / 17 xuño
Mingua	26 abril / 26 maio / 24 xuño
Nova	4 maio / 2 xuño / 2 xullo
Medra	11 maio / 9 xuño / 9 xullo

## Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

## Horarios Cal Pita

1 > A Coruña  
> Fonteculler  
> Fonteculler  
> San Pedro <

Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30'  
Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30'

Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'

Domingos e festivos Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30'. Volta 7:30 a 22:30 cada 30'

2 > A Coruña  
> Perillo  
> Montrove  
> Os Regos  
> Oleiros <

Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora

Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora

Domingos e festivos Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora

3 > A Coruña  
> Perillo  
> Nós  
> O Carballo  
> Oleiros  
> Sada <

Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6,55 a 21:55 cada hora

Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas

Domingos e festivos Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:55 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada hora

4 > A Coruña  
> Perillo  
> Sta. Cruz  
> Arillo  
> Sada <

Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora

Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora

Domingos e festivos Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora

6 > A Coruña  
> Perillo  
> Sta. Cruz  
> Arillo  
> Rialta <

Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora

■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30

Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora

Domingos e festivos Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora

6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <

Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20  
Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40

6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <

Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50

Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45

Domingos e festivos Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35

VERÁN  
> A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <

Sábados, domingos e festivos Ida 10 a 21 cada hora  
Volta 10:30 a 21:30 cada hora

VERÁN  
> A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <

Luns a domingo Ida 10:20 a 20:20 cada hora  
Volta 10:50 a 20:50 cada hora



**36.528  
habitantes  
empadroados/as!**

Ata o 11 de abril, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:


DEXO (Santa María)	1.378
DORNEDA (San Martiño)	3.514
IÑÁS (San Xurxo)	1.243
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.587
MAIANCA (San Cosme)	1.490
NÓS (San Pedro)	4.793
OLEIROS (Santa María)	3.132
PERILLO (Santa Leocadia)	8.797
SERRANTES (San Xulián)	1.594

**TOTAL** **36.528**


## FARMACIAS DE GARDA

	Datas
■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10 (Liáns) • Teléfono: 981 923 845	Do 19 ao 25 de abril Do 5 ao 11 de xullo
■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) • Teléfono: 881 963 932	Do 26 de abril ao 2 de maio Do 12 ao 18 de xullo
■ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) • Teléfono: 981 628 165	Do 3 ao 9 de maio Do 19 ao 25 de xullo
■ LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás)	Do 10 ao 16 de maio Do 26 de xullo ao 1 de agosto
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027	Do 17 ao 23 de maio Do 2 ao 8 de agosto
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serrantes) • Teléfono: 981 617 937	Do 24 ao 30 de maio Do 9 ao 15 de agosto
■ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890	Do 31 de maio ao 6 xuño Do 16 ao 22 de agosto
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890	Do 7 ao 13 de xuño
■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARCIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaño, nº 4-6 (Liáns) • Teléfono: 981 614 503	Do 14 ao 20 de xuño
■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440	Do 21 ao 27 de xuño
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) • Teléfono: 981 614 184	Do 28 de xuño ao 4 de xullo

## A ría, un imán para os especuladores



◆ A ambición por acometer actuacións ilegais, auténticos atentados medioambientais, para o lucro privado remóntanse aos anos 40 do pasado século. Diversas persoas influentes da Coruña, ligadas ao franquismo, pretenderon secar a ría. O seu obxectivo era crear un canal entre a beira de Oleiros e a da Coruña e Culleredo para poder construír industrias e edificios residenciais nos recheos gañados artificialmente.



■ Toda a zona do actual Parque José Martí enhízase de edificios. O actual Goberno municipal expropiou os terreos.

***Na actualidade, o Concello de Oleiros está a loitar para que o Estado e a Xunta de Galicia acometan o dragado da ría, para que poida ser recuperada tanto para a actividade marisqueira como para o ocio da cidadanía.***

Na década dos 70 houbo un segundo intento de realizar prácticas especulativas nesta zona. A sociedade denominada Sancrisa, con persoas que tamén estaban ligadas aos poderes da época, pretendían destruír totalmente Santa Cristina para construír 1.422 vivendas, un casino, un camping sobre as dunas...

Lamentablemente, levaron a cabo parte dos seus propósitos e arrasaron cunha zona importante da praia, de elevado valor ecolóxico. Estas actuacións non foron paralizadas ata a formación da primeira corporación municipal no período democrático.

